



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL



INSTITUTO NACIONAL DE TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO



MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA

# Guía didáctica

# GOBIERNO ABERTO

## Educación primaria



Por que facemos esta guía? .....	3
Quen fai esta guía? .....	3
<b>CADERNO DO PROFESORADO .....</b>	<b>4</b>
<b>Sesión 1: Traballando a transparencia .....</b>	<b>5</b>
A excursión de Antía .....	5
Que aprendemos? .....	6
<b>Actividades para a transparencia .....</b>	<b>7</b>
Letras para a transparencia .....	7
Xogo: A fila da responsabilidade .....	9
<b>Sesión 2: Traballando a participación .....</b>	<b>10</b>
Antía e os seus amigos e amigas melloran os parques .....	10
Que aprendemos? .....	11
<b>Actividades para a participación .....</b>	<b>12</b>
Frases para a participación .....	12
As miñas necesidades son as de todo o mundo? .....	13
Facemos teatro para a participación .....	14
O mural da participación .....	14
<b>Sesión 3: Traballando a colaboración .....</b>	<b>15</b>
Antía e os seus amigos e amigas axudan co tráfico .....	15
Que aprendemos? .....	16
<b>Actividades para a colaboración .....</b>	<b>17</b>
Xogamos na aula: Todos somos imprescindibles .....	17
O xogo dos enigmas .....	17
Imos de excursión .....	18
<b>Resumo .....</b>	<b>18</b>
<b>Rúbrica de avaliación .....</b>	<b>18</b>
<b>CADERNO DO ALUMNADO .....</b>	<b>19</b>
<b>A excursión de Antía .....</b>	<b>20</b>
Que aprendemos? .....	21
Letras para a transparencia .....	21
<b>Antía e os seus amigos e amigas melloran os parques .....</b>	<b>22</b>
Que aprendemos? .....	23
Frases para a participación .....	24
<b>Antía e os seus amigos e amigas axudan co tráfico .....</b>	<b>25</b>
Que aprendemos? .....	26
<b>Resumo .....</b>	<b>26</b>

## POR QUE FACEMOS ESTA GUÍA?

Os gobernos e as administracións públicas evolucionan ao mesmo tempo que as sociedades e queren ser transparentes, accesibles para a cidadanía e sensibles ás nosas demandas. Isto significa que se encamiñan cara ao que chamamos **gobierno aberto**.

Esta guía nace como unha ferramenta do **III Plan de España** da **Alianza para o gobierno aberto**. Este documento pretende involucrar os nenos e nenas que cursen educación primaria nos valores da **transparencia**, a **participación** e a **colaboración** co público.

A través de tres historias baseadas na **transparencia**, a **participación** e a **colaboración**, queremos que o alumnado do segundo ciclo de educación primaria se impregne dos valores do **gobierno aberto**. Preténdese contribuír á construción dunha sociedade máis aberta, responsable e esixente cos responsables públicos.

Para iso achegámonos a tres historias que lle suceden a **Antía**, unha alumna de 5.º de primaria dun colexio dunha cidade mediana do noso país. Ela acompañaranos para coñecer os valores que se enmarcan no que denominamos **gobierno aberto**.

*Data de finalización da elaboración: maio de 2018*

## QUEN FAI ESTA GUÍA?



**J. Ignacio Criado**. É profesor no Departamento de Ciencia Política y Relaciones Internacionales, Universidad Autónoma de Madrid, e *research fellow* do Center for Technology in Government, State University of New York (SUNY, Albany). Cofundador de NovaGob e director xeral da súa

NovaGob.Lab, Laboratorio de Gobierno para la Innovación Pública. Asesora, investiga e ensina sobre goberno aberto, administración dixital, innovación pública, redes sociais e administracións públicas, interoperabilidade e colaboración interorganizativa. Conta con numerosas publicacións sobre administración e xestión pública. É responsable de materias sobre innovación pública, goberno aberto e administración dixital, entre outros, no Máster en Alta Dirección Pública do Instituto Ortega y Gasset, o Máster de Dirección Pública do Instituto Nacional de Administración Pública, do Máster en Gestión Pública da Universidad de Granada ou o Máster en Democracia y Gobierno da Universidad Autónoma de Madrid.

 [@jicriado](#)



**Vicente Pastor**. É persoal de investigación no Departamento de Ciencia Política y Relaciones Internacionales da Facultad de Derecho da Universidad Autónoma de Madrid. Investigador en NovaGob.Lab, Laboratorio de Gobierno para a Innovación Pública. Licenciado en Ciencias Políticas y de la Administración pola Universidad de Valencia. Máster en Democracia y Gobierno pola Universidad Autónoma de Madrid. Diplomado en Dirección y Análisis Político pola Universidad de Valencia.

 [@vipaspa](#)

# COÑECE OS VALORES DO GOBERNO ABERTO CON ANTÍA E A SÚA CLASE



Guía didáctica para  
educación primaria  
- Caderno do profesorado -

## SESIÓN 1: TRABALLANDO A TRANSPARENCIA

A **transparencia nos gobernos e as administracións públicas** consiste na apertura de todos os asuntos relacionados co Goberno e a Administración pública para que a cidadanía acceda a información –en formato reutilizable– que facilite o seu achegamento. A transparencia devólvelle á cidadanía parte do poder que esta deposita na Administración pública e no Goberno coa finalidade de ampliar as canles de participación e colaboración.

Na historia “A excursión de Antía” preténdese que o alumnado realice unha aproximación aos conceptos de transparencia e innovación a través da resolución do problema que se lles presenta a ela e aos seus compañeiros e compañeiras, derivado da falta de información.

Por que as administracións públicas e os gobernos teñen que ser transparentes? Se a transparencia se aplica correctamente, percíbense unha serie de valores asociados a ela (honestidade, confianza, lealdade, etc.) que resultan positivos tanto para o sector público como para a sociedade en xeral. Desta forma, os gobernos e administracións públicas resultaranos máis próximos, identificarémosnos mellor con eles. Ese é o principal obxectivo que se quere transmitir coa historia sobre a excursión de Antía e a súa aprendizaxe.

Ao transparentar a información, os gobernos e administracións públicas encóntranse nunha situación de escrutinio moito maior que se non o fixesen, de modo que se incrementa a lexitimidade das decisións e as políticas públicas que implantan. A aplicación da transparencia trae consigo unha redución das situacións de conflitos de intereses e deixa na mínima expresión as consecuencias que poidan derivarse.

En definitiva, as administracións públicas e os gobernos facilitanlle á cidadanía un mellor acceso á súa rendición de contas a través dos procesos de apertura da información do sector público e dos procesos gobernamentais.

### A excursión de Antía

Antía ten 10 anos e é alumna do Colexio de Educación Infantil e Primaria Velázquez nunha cidade de tamaño mediano situada na costa española. É unha alumna moi traballadora e lévase ben co resto da clase.

Un día, pouco despois de volver das vacacións do Nadal e tras unha época de chuvia e moito frío, Antía empezou a encontrarse mal.

*- Non me sinto ben, profe* –comentoulle a Adolfo, o seu profesor.

*- Imos chamar o teu pai para que te leve ao médico e che faga unha revisión. Parece que tes un bo arrefriado* – contestoulle.

Adolfo chamou o seu pai por teléfono e comentoulle que a súa filla parecía que tiña febre. Aos poucos minutos, Daniel, o pai de Antía, xa se estaba no colexio para a recoller.

*- Xa pedín cita no médico, así que aló imos.*



Ao chegar ao centro de saúde, o médico díxolle a Antía que tiña un catarro moi forte, con febre alta, e, polo tanto, non podería ir ao colexio durante toda a semana.

*- Vou perder todas as actividades da semana cultural-* laiouse Antía.

*- Non te preocupes, filla, xa che dirán o que fixeron.*

Mentres Antía estaba enferma na casa, no colexio encargábanse de preparar as actividades da semana cultural: xornadas de convivencia con avós e avoas, concertos de música, exposicións fotográficas e moitas máis actividades.

O profesor dixo na clase que o luns seguinte ían ir de excursión á capital da comunidade autónoma para visitar a Xunta de Galicia e o Parlamento autonómico, e logo á Coruña para ver a Delegación do Goberno de España, e que deberían traer unha autorización asinada pola nai ou polo pai. Todos se sorprenderon e se alegraron pola excursión imprevista.

Chegou o luns, día da excursión, e o pai de Antía, como todos os días, levouna ao colexio. Antía ía coa mochila, cos libros e co almorzo, para retomar as clases. Ao chegar ao colexio, Antía e o seu pai viron moito movemento, pero non sospeitaron nada, así que despedíronse.

*- Bos días, Antía. Alégrome moito de verte de novo e de que xa esteas ben.*

*- Bos días, profe. Por que hai tanto movemento no colexio hoxe?* – preguntou mentres vía os compañeiros e compañeiras subir a un autobús–.

*- Imos de excursión. Trouxeche a autorización dos teus pais?*

*- Que excursión? Eu non sabía nada!* – comentou Antía sorprendida–.

*- Síntoo, Antía. Pensaba que o sabías. Imos de excursión e non podes vir se non tes a autorización do teu pai ou da túa nai.*

Iván, un compañeiro de Antía, oíu a conversa e, ao subir ao autobús, contoullelo aos demais. Aos poucos minutos, baixaron todos do autobús para falar con Adolfo.



*- Non queremos ir á excursión se non vén tamén Antía – díxolle Iván a Adolfo-. Queremos que Antía veña connosco. Por que non chamas o seu pai para que lle asine a autorización agora?*

*- Alégrome de que me digas iso, Iván. Tedes razón. O colexio debería ter a información sobre a excursión publicada na páxina web con suficiente antelación. Está moi ben solidarizarse con Antía. Vou chamar o seu pai por teléfono.*

Aos poucos minutos, o pai de Antía volvía ao colexio para asinar a autorización e o autobús poñíase en marcha cara á capital.

Unha vez que estaban todos no autobús, o profesor pediu o micrófono e faloulles a todos os alumnos e alumnas.

*- O que fixestes hoxe é moi importante. Axudásteslle á vosa compañeira Antía nunha situación complicada, xa que teríamos marchado de excursión sen ela. Debedes estar orgullosos disto porque, grazas á vosa acción, a partir de agora o colexio vai publicar sempre toda a información na páxina web e, ademais, enviaralles un correo electrónico ás familias.*

Cando chegaron ao seu destino, Antía e os seus compañeiros e compañeiras coñeceron como era a sede da Xunta de Galicia, como funcionaba o Parlamento autonómico e que funcións tiña a Delegación do Goberno, algo que ata ese momento descoñecían.

Antía e a súa clase foran responsables das novas medidas de transparencia que se ían poñer en marcha no seu colexio. Eran artífices de que o colexio Velázquez empezase a andar polo camiño do goberno aberto, coa transparencia como primeira medida.

## Que aprendemos?

Na historia da excursión de Antía aprendemos que:

- Estamos desenvolvendo unha sociedade rede de ámbito mundial, sobre todo grazas ao uso das redes sociais e as tecnoloxías da web 2.0. A Administración pública, neste caso representada no colexio Velázquez, ten a obrigação de **proporcionarnos información** sobre a súa actividade. No caso de que a información non sexa pública, podemos ser nós quen preguntemos.
- A **transparencia é un valor fundamental** para o bo funcionamento de calquera colexio, así como de calquera institución pública e dos sistemas democráticos.
- O novo **sistema de información** para nais e pais a través de Internet é un aliado da transparencia. Canto máis se innove, máis transparentes serán as institucións.

## ACTIVIDADES PARA A TRANSPARENCIA

### Letras para a transparencia

Presentámosche esta sopa de letras sobre a transparencia. Nela terás que buscar as seguintes palabras que están asociadas aos valores de transparencia.

**RESPECTO - PARTICIPACIÓN - SINCERIDADE - CONFIANZA  
INNOVACIÓN - TRANSPARENCIA - VERDADE - FRANQUEZA**

F	Y	T	R	A	N	S	P	A	R	E	N	C	I	A
R	I	T	E	O	T	E	P	S	E	R	L	E	U	F
A	R	P	A	R	T	I	C	I	P	A	C	I	O	N
E	G	A	T	P	H	U	A	N	Q	U	I	P	O	D
I	P	O	L	I	U	T	P	C	R	O	J	O	A	E
A	N	D	A	R	M	K	V	E	C	T	O	D	Z	L
E	T	N	E	C	I	V	I	R	E	C	R	T	E	A
B	L	A	O	N	L	P	U	I	R	E	C	O	U	R
E	M	G	H	V	D	E	L	D	V	T	E	S	Q	I
C	O	N	F	I	A	N	Z	A	C	R	R	O	N	D
R	B	C	E	P	D	C	C	D	H	E	R	B	A	O
E	R	A	M	O	S	B	I	V	A	P	I	L	R	E
A	O	E	I	U	Z	S	D	O	G	Ñ	L	I	F	U
B	L	U	F	H	I	A	I	C	N	E	L	A	V	I




**RESPECTO - PARTICIPACIÓN - SINCERIDADE - CONFIANZA  
INNOVACIÓN - TRANSPARENCIA - VERDADE - FRANQUEZA**

F	Y	T	R	A	N	S	P	A	R	E	N	C	I	A
R	I	T	E	O	T	E	P	S	E	R	L	E	U	F
A	R	P	A	R	T	I	C	I	P	A	C	I	O	N
E	G	A	T	P	H	U	A	N	Q	U	I	P	O	D
I	P	O	L	I	U	T	P	C	R	O	J	O	A	E
A	N	D	A	R	M	K	V	E	C	T	O	D	Z	L
E	T	N	E	C	I	V	I	R	E	C	R	T	E	A
B	L	A	O	N	L	P	U	I	R	E	C	O	U	R
E	M	G	H	V	D	E	L	D	V	T	E	S	Q	I
C	O	N	F	I	A	N	Z	A	C	R	R	O	N	D
R	B	C	E	P	D	C	C	D	H	E	R	B	A	O
E	R	A	M	O	S	B	I	V	A	P	I	L	R	E
A	O	E	I	U	Z	S	D	O	G	Ñ	L	I	F	U
B	L	U	F	H	I	A	I	C	N	E	L	A	V	I

**Xogo: A fila da responsabilidade**

O principal obxectivo desta actividade é facer comprender que todas as accións que tomamos afectan o resto da cidadanía, é dicir, calquera decisión, por pequena que sexa, pode ter efectos sobre as demais persoas.

**Desenvolvemento da actividade:** para realizar este xogo, nenos e nenas deberán poñerse en fila agarrando da cintura o compañeiro ou compañeira que teñen diante, excepto quen estea no primeiro lugar da fila. A continuación, o profesor ou a profesora indicará os movementos que teñen que facer, sen separarse do resto.





## Exemplos de actividades

- Camiñar, camiñar cara aos lados, camiñar cara atrás etc.
- Cambiar o sentido da marcha cando soe unha palmada o ao parar a música.
- Dar saltos: dous cara adiante, un cara atrás etc.
- Dicer unha palabra e que o seguinte compañeiro/a a repita engadindo outra ata que chegue ao final da fila.

Unha vez finalizado o xogo, aconséllase que todo o grupo se sente en círculo e que se traten diferentes cuestións, como:

- Foi tan difícil cumprir aquilo que se pedía? Por que?
- Que resulta máis complexo, facer os exercicios en solitario ou en grupo? Por que?
- Discusión sobre o feito de que os movementos do resto de grupo, especialmente de quen estaba máis preto, condicionasen os meus.
- Comprensión da complexidade da información cando non se transmite correctamente.

## SESIÓN 2: TRABALLANDO A PARTICIPACIÓN

A **participación cidadá** defínese como o proceso a través do cal se desenvolven as actividades coas que a cidadanía logra unha maior implicación no deseño, xestión e implantación das políticas públicas, cunha actitude centrada en ser parte delas, ampliando dereitos e xerando obrigacións sobre o ben común. Por un lado, a participación é un **proceso** cooperativo, inclusivo, transversal, continuo, escalable, planificado, transformador, coherente, distribuído e que apodera. A participación cidadá tamén é unha **actitude** que implica autonomía, liberdade, responsabilidade, que precisa unha escoita empática, respecto, confianza, compromiso e civismo. A participación cidadá é tamén un **dereito** que se materializa ao poder participar e ser parte activa nas decisións públicas que nos afectan, así como unha obrigación cidadá orientada ao ben común.


Na segunda historia de "Antía e os seus amigos e amigas melloran os parques", a nosa protagonista traslada a idea da participación cidadá como un proceso, como unha actitude e como un dereito.

Así mesmo, destácanse os diferentes retos e desafíos que pode presentar a participación. Retos e desafíos que poden constituír oportunidades se as administracións públicas e os gobernos saben afrontalos adecuadamente, tendo en conta a tipoloxía e a organización de cada administración pública.

A participación debe impregnar por completo a actuación das administracións públicas e os gobernos nos seus diferentes ámbitos e áreas de actividade. É dicir, non debe ser un elemento externo que se introduza no ámbito público, senón que debe ser transversal, aplicable a calquera programa ou iniciativa que xurda na Administración pública.

### Antía e os seus amigos e amigas melloran os parques

Antía diríxese ao colexio, pensativa. Mentres vai no autobús, non deixa de fixarse nos parques e xardíns da cidade onde vive. Estase decatando de conta de que todos os parques son amplos, e con moita vexetación e zonas nas que descansar, pero só hai un parque que teña unha boa zona de xogos para nenos e nenas.



Ao chegar ao colexio, mentres esperan para entrar na clase, Iván e María están a falar e xorde o tema na conversa entre os seus amigos e amigas:

- *Onte estiven no parque do Oeste co meu can Chopin. As zonas de xogo estaban pechadas por reparacións.* - Dixo Iván mentres poñía cara de resignación.

- *O parque do meu barrio tampouco ten unha boa zona de xogos. A maioría dos bambáns están estragados e non me deixan xogar alí.* - Exclamou María, mentres sacaba da mochila os libros para a clase que ía comezar.

- *Teño unha idea!* - exclamou Antía -. *Vin no taboleiro de anuncios do colexio que o Concello vai crear un Consello da Infancia.*

- *Un que?* - preguntou Iván con cara de incredulidade.

- *Un Consello da Infancia. Miña nai explicoume que é un grupo de nenos e nenas que nos pode representar e pedirllas ás autoridades do Concello que resolvan os nosos problemas.*

- *Mi madriña, Antía! Sábelo todo!* - dixo María rindo ás gargalladas.

- *Non, é que son moi preguntona, chanceou Antía. Sería o lugar perfecto para comentar as necesidades que teñen os parques da cidade e os problemas que temos para poder brincar neles. Fai falta melloralos todos e ampliar as zonas de xogo.*

- *Entón, por que non nos presentamos ao Consello da Infancia e o solucionamos?* - dixo Iván totalmente convencido.

Antía pediulle permiso ao profesor para falar na clase sobre esta idea. Comentoulle ao resto da clase as necesidades que tiñan os parques e xardíns municipais e a posibilidade que tiñan de participar no Consello da Infancia Municipal. Todos estiveron de acordo en mellorar as zonas de xogo.

- *Quen quere presentarse voluntario?* - Preguntou o profesor. *Polo número de estudantes que sodes, podedes ter dous representantes.*

- *A min gustaríame presentarme, alguén máis quere?* - preguntou Antía.

- *Eu tamén quero* - dixo Iván.


- *E eu!* - exclamou Alberto.

- *Pois eu tamén,* interveu María.

Nese momento, todos se miraron: había dúas candidatas e dous postos de representante, así que había que facer algo. Entón, o profesor dixo:

- *Por que non facedes unha votación para elixir os vosos dous representantes? É unha responsabilidade importante e o mellor é que a persoa que traslade as vosas demandas sexa elixida, entre todas, de forma democrática.*


Todos os rapaces e rapazas aplaudiron a idea e esa mesma mañá organizaron unha votación nunha urna, coa axuda do profesor. Dos catro candidatos, cada estudante podía elixir dous, cuxos nomes debería escribir nun papel e introduci-lo nunha urna, como en calquera elección.



Tras o relato, foron elixidos como representantes Antía e Iván, de maneira que se puxeron mans á obra. Estiveron falando cos compañeiros e compañeiras e anotando nun caderno as necesidades que lles comentaban sobre os parques e xardíns das zonas onde vivían, xa que no colexio había nenos e nenas de toda a cidade.

Chegaron á conclusión de que debían realizarse melloras en 10 dos 15 parques municipais. Nalgúns había que cambiar o mobiliario, noutros había que ampliar zonas de xogo e, nalgún outro, debíanse abrir novas zonas infantís.

Na seguinte reunión do Consello da Infancia da cidade, Antía e Iván tomaron a palabra e explicáronlle ao concelleiro responsable dos parques e á alcaldesa da cidade todas as propostas que recolleran os seus compañeiros e compañeiras.



*- Moitas grazas, Antía e Iván. - dixo a alcaldesa -. Debedes estar orgullosos do traballo que fixestes. Sabiamos que hai necesidades de mellora, pero non coñeciamos a situación. Daquela, o Goberno municipal vai propoñer no próximo pleno un acordo para a mellora e renovación das zonas de xogo infantil nos parques. Espera que entre todos e todas coidemos os nosos parques e xardíns.*

Antía e Iván sentíronse útiles: conseguiran, tras un intenso traballo e coa participación de todos os compañeiros e compañeiras, que o Concello se comprometese a mellorar todas as zonas de xogo dos parques e xardíns municipais.

Un ano despois, a maioría dos parques xa tiñan novas zonas de xogo. Desta forma, a idea de Antía foi tomando forza grazas á participación do conxunto do alumnado e, finalmente, converteuse en realidade. Desde ese momento, Antía, Iván, Alberto, María e o resto dos seus amigos puideron gozar de excelentes zonas de xogo en todos os parques da cidade.

### Que aprendemos?

Na historia anterior, na que Antía e os seus compañeiros e compañeiras conseguen mellorar as zonas de xogo dos parques da súa cidade, aprendemos varias cousas:

- É bo coidar do noso contorno. Debemos ser conscientes de que, como na historia, os parques e instalacións públicas, así como as zonas verdes, son de todo o mundo e que entre todos e todas debemos contribuír a conservalas e melloralas.
- Debemos **reclamarlles ás autoridades** cando atopemos defectos ou necesidades de mellora nas instalacións públicas. Desde o respecto e o civismo, sempre é bo trasladarlles as nosas necesidades aos gobernos e administracións públicas.
- Existen **mecanismos de participación**. No caso desta historia, Antía e Iván trasladan as peticións a través do Consello da Infancia da cidade. Sempre hai que analizar cal é a mellor maneira de participar na toma de decisións públicas.
- **A participación é de todos e todas**. Como vimos nesta historia, Antía e Iván son elixidos polo resto do alumnado da súa clase e, posteriormente, recollen todas as demandas que lles fixeron chegar para trasladalas a onde corresponde.
- **É recomendable participar sempre**. A nosa voz debe ser escoitada, por iso debemos participar na toma de decisións públicas.

### Frases para a participación

Esta actividade consiste en completar unha serie de frases relacionadas coa participación coas palabras determinadas que se expoñen a continuación. Farase en parellas e despois traballarase co resto da clase.

**ACORDO - NECESIDADES - LEI - PARTICIPA - DEREITOS  
COMPROMISO - SOLIDARIO - DEMOCRACIA - LIBERDADE- VOTAR**

Existe a \_\_\_\_\_ de expresión cando dicimos, escribimos ou facemos público o que queremos.

O colexio inteiro \_\_\_\_\_ na elección de membros do Consello Escolar.

É necesario chegar a un \_\_\_\_\_ entre os diferentes grupos sociais para garantir o bo funcionamento da democracia.

Todos os españois e españolas temos dereito a \_\_\_\_\_ cando facemos os 18 anos.

Nós podemos ter \_\_\_\_\_ distintas ás dos nosos pais e nais, pero debemos telas en conta para cubrilas.

Para que unha democracia funcione, os gobernos e as administracións públicas sempre deben respectar a \_\_\_\_\_.

A nosa clase funciona como unha \_\_\_\_\_: falamos libremente e votamos as decisións que se presentan.

Debemos respectar os \_\_\_\_\_ das demais persoas elección das súas necesidades.

Un pobo \_\_\_\_\_ é aquel que axuda as persoas máis desfavorecidas para que teñan os mesmos dereitos que o resto da poboación.

Para cumprir co que decidimos nunha votación, debe existir un forte \_\_\_\_\_ por parte de toda a xente.



## ACORDO - NECESIDADES - LEI - PARTICIPA - DEREITOS COMPROMISO - SOLIDARIO - DEMOCRACIA - LIBERDADE- VOTAR

Existe a **liberdade** de expresión cando dicimos, escribimos ou facemos público o que queremos.

O colexio enteiro **participa** na elección de membros do Consello Escolar.

É necesario chegar a un **acordo** entre os diferentes grupos sociais para garantir o bo funcionamento da democracia.

Todos os españois e españolas temos dereito a **votar** cando facemos os 18 anos.

Nós podemos ter **necesidades** distintas ás dos nosos pais e nais, pero debemos telas en conta para cumprilas.

Para que unha democracia funcione, os gobernos e as administracións públicas sempre deben respectar a **lei**.

A nosa clase funciona como unha **democracia**: falamos libremente e votamos as decisións que se presentan.

Debemos respectar os **dereitos** das demais persoas na elección das súas necesidades.

Un pobo **solidario** é aquel que axuda as persoas máis desfavorecidas para que teñan os mesmos dereitos que o resto da poboación.

Para cumprir co que decidimos nunha votación, debe existir un forte **compromiso** por parte de toda a xente.

### As miñas necesidades son as de todo o mundo?

Esta actividade consiste nun traballo en grupo para analizar e coñecer a importancia que teñen as necesidades individuais, como as da historia de Antía, coa mellora das zonas de xogo, en relación coas necesidades colectivas dun grupo social.

Preténdese que o alumnado distinga entre as necesidades do seu grupo e as necesidades da cidade en xeral. Para iso terá que valorar que outras necesidades poden xurdir noutros grupos sociais coa finalidade de acordar o máximo posible as súas demandas.

En primeiro lugar e situándose en grupo, débese facer unha chuvia de ideas coas principais necesidades que mencionan os alumnos e alumnas. Cadaquén pode dicir dúas necesidades (por exemplo, mellora do transporte público e peonalización de rúas para poder xogar), que serán compartidas. Para iso cómpre utilizar diferentes cartolinas nas que o mestre ou a mestra irá tomando nota das propostas do alumnado. Logo estas cartolinas pódense colgar na aula para facer un seguimento das necesidades acordadas.

Despois de realizar a listaxe de necesidades, o mestre ou a mestra preguntará se cren que os pais e nais compartirían estas necesidades ou terían outras distintas. Unha vez propostas estas novas necesidades e contrastadas coas elaboradas polo alumnado, realizarase un debate, reflexionarase sobre as diferentes necesidades que podemos encontrar entre a cidadanía e explicarse que a democracia consiste nun equilibrio de todas que respecte as das demais persoas.

Pódense propoñer diferentes preguntas, como:

- Que necesidades afectan un maior número de persoas?
- Cales son máis características dos grupos desfavorecidos?
- De todas as necesidades comentadas, cales son básicas para a cidadanía?
- Que necesidades serían prioritarias para mellorar a calidade de vida do teu barrio?

Ao rematar a actividade, a/o docente pode facer unha reflexión final sobre a importancia da participación para a mellora das necesidades da cidadanía e a importancia que ten respectar aos grupos desfavorecidos ao longo deste proceso, así como as opcións distintas ás que defendemos.

## Facemos teatro para a participación

Seguindo a historia de Antía e os seus amigos e amigas, invitamos a realizar na aula unha representación teatral da historia. Para facelo pódese seguir o guión da historia, pero ao mesmo tempo tamén improvisar algúns diálogos.

En concreto, a actividade centraríase en repartir os personaxes da historia entre os alumnos e alumnas para que representen a historia e tomen parte no proceso de participación que se inclúe nela.

## O mural da participación

Unha vez traballada a historia de Antía e a súa actuación para a mellora dos parques da súa cidade, propónse a realización dun mural con palabras, debuxos etc., onde se mostren as necesidades do centro escolar, por exemplo. Pode tratarse de cuestións de organización do centro escolar, necesidades de colectivos, demandas de mozas e mozos etc.

Despois de establecer as necesidades do centro escolar, suxírese trasladarllelas ás autoridades nunha visita coordinada polo profesorado, coa finalidade de que esas reclamacións sexan escoitadas e resoltas.





## SESIÓN 3: TRABALLANDO A COLABORACIÓN

A **colaboración** é o proceso a través do cal os gobernos e as administracións públicas traballan conxuntamente con outras administracións públicas e gobernos ou co sector privado e a sociedade civil para a definición de políticas públicas e a mellora dos servizos públicos; noutras palabras, entendemos a colaboración como a xeración de novos espazos de encontro, diálogo e traballo para favorecer a cocreación de iniciativas e a coprodución de servizos. Cada vez máis, as administracións públicas e os gobernos interactúan e facilitan o desenvolvemento de diferentes redes de actores que configuran o contexto da **colaboración**.

A **colaboración** podémola atopar nos diferentes niveis de goberno (local, rexional e estatal) e configura un mecanismo a través do que os gobernos lexitiman as súas accións e decisións, facendo corresponsables ao resto dos actores. Neste caso, preséntase unha historia na que Antía e os seus amigos formulan un problema sobre o tráfico no entorno do seu centro escolar que se resolve mediante a colaboración de diferentes actores e institucións.

Aquí preséntanse algúns instrumentos e metodoloxías para solucionar problemas sociais, involucrando nisto non só á cidadanía, servidores públicos e administracións públicas, senón tamén a outros actores, como as empresas, organizacións do terceiro sector, universidades ou asociacións. Por iso é importante destacar na historia as diferentes funcións e aportacións que poden facer todos os actores para solucionar o problema formulado.

### Antía e os seus amigos axudan co tráfico

Os alumnos e alumnas do colexio Velázquez chegan á clase. Algúns fano no transporte escolar, outros en transporte público, outros acompañados dos seus familiares e moitos camiñando.

- *Bos días, Antía.*

- *Bos días, Iván. Que tal estás?* - preguntou Antía mentres chegaba correndo de cruzar a rúa do colexio.

- *Moi ben. E ti, onde vas con tanta présa?*

- *Tiven que cruzar a rúa correndo porque non hai ningún paso de peóns nin ninguén que controle a cantidade de coches que veñen a deixarnos polas mañás e a recollernos pola tarde aos que vivimos máis lonxe. É un perigo para todos cruzar a rúa así. Voulle preguntar á directora do colexio o que podemos facer para solucionalo.*

- *Moi ben, entón acompañote.* - dixo Iván mentres seguía a Antía polo corredor.

Dirixíronse os dous ao despacho da directora e comentáronlle a situación do tráfico na zona do colexio. Había pouco espazo para aparcar, non había zona habilitada para autobuses, tampouco unha zona de aparcamento para persoas con discapacidade... En definitiva, era un caos chegar todas as mañás ao colexio.

- *Non sabemos como solucionar isto, directora*- manifestou Antía con cara de resignación.



- *Imos ver. Se nós sos non podemos facelo, pediremos a colaboración doutras persoas afectadas e que poidan achegar solucións* - dixo a directora con cara pensativa. - *Xa está! Vouno propoñer na próxima reunión do Consello escolar para que se impliquen os pais e nais do colexio, os representantes da empresa do autobús escolar, o concelleiro de tráfico, a policía local... E pensades que alguén máis pode achegar algo?*

- *Nós!* - exclamou Antía.


- *Iso é. Vos tamén podedes aportar ideas.* - confirmou a directora.

- *Un momento.* - dixo Iván- *isto é algo moi parecido ao traballo que fai a miña nai na empresa na que traballa. Ela encárgase de organizar un grupo de persoas implicadas nun problema para encontrar unha solución entre todos. Moitas veces escóitoa falar dun laboratorio de ideas ou algo parecido.*

- *Que ben, Iván!* - exclamou a directora-. *Vou falar coa túa nai para pedirlle que coordine este traballo. Imos crear o Laboratorio Velázquez para a mellora do tráfico, un punto de encontro no que todos aportemos solucións ao problema.*

- *Que ben soa!* - exclamou Antía emocionada.

- *Pois mans á obra* - concluíu a directora mentres sonaba o timbre para entrar a clase.



Era un proxecto moi importante para o colexio: entre todos debían achegar solucións para a mellora do tráfico e a seguridade nas rúas arredor do colexio. Ao longo dos días, a directora, coa axuda da nai de Iván, foi convo-



cando a todas as persoas e organizacións que ían estar implicadas no “Laboratorio de Ideas do colexio Velázquez” para citalas á primeira reunión, na que se definirían os problemas detectados e se propoñerían solucións posibles.



Ao longo de varias reunións e coa colaboración activa de todas as organizacións e persoas convocadas, estableceuse unha serie de solucións, nas que todos se implicaron:

- O Concello poñería varios pasos de peóns elevados ao longo da rúa, o cal diminuíría a velocidade dos coches e facilitaría que os peóns cruzasen a rúa.
- A policía local enviaría unha patrulla da unidade de tráfico, durante media hora, tanto á entrada como á saída das clases.
- A empresa de autobuses do transporte escolar, xunto co Concello, habilitaría unha zona de aparcamento de autobuses ao lado do colexio e unha zona de aparcamento para persoas con discapacidade.
- O colexio realizaría unha serie de cursos sobre educación viaria para o conxunto do alumnado, facilitando o coñecemento da seguridade viaria.
- A asociación de nais e pais do alumnado faría unha campaña para fomentar o uso da bicicleta en lugar do coche, e o colexio comprometeríase a habilitar unha zona para aparcas bicicletas.

## Que aprendemos?

Nesta historia tratouse a **colaboración**, un dos tres pilares do goberno aberto, xunto coa transparencia e a participación. Que conclusións podemos extraer dela?

- Existen certas cuestións na vida que non poden ser resoltas por nós mesmos, senón que **necesitamos a colaboración doutras persoas** para poder facelo. Que colaboren contigo ou que ti colabores abrirá un espazo de entendemento e facilitará que cumpras os teus obxectivos.
- **Non existe unha única solución aos problemas.** Hai moitas maneiras de velos, de expresalos e de resolvelos ou minimizalos.
- **Traballar de forma conxunta**, a través de mecanismos como o Laboratorio de Ideas que se creou no colexio, facilita **a participación e o acordo**, ademais dunha visión máis ampla sobre os problemas.
- A **colaboración pódese aplicar en todos os ámbitos** da vida: no colexio, nos gobernos e administracións públicas, nos grupos de amigos, na familia etc. Trátase de compartir para mellorar.

É positivo crear novos espazos de encontro, diálogo e traballo onde participen todas as organizacións e persoas afectadas.

As melloras chegaron pronto, xa que os coches circulaban a unha velocidade moito máis reducida, había zonas para poder estacionar e todos coñecían por onde se podía cruzar a rúa. Ademais, foron moitos pais e nais os que elixiron a bicicleta como transporte alternativo ao coche.

Tras estes bos resultados, o colexio decidiu que o Laboratorio se empezara a ocupar de outros moitos problemas relacionados co colexio, coa colaboración de todos os implicados.

Neste caso, a colaboración resulta fundamental para unir esforzos e presentar propostas e accións enfocadas a resolver os problemas. A través da súa acción, Antía e Iván conseguiron construír un colexio colaborativo, no que todos poden achegar moito.

### Xogamos na aula: Todos somos imprescindibles

#### ▲ Obxectivos

- Participar de forma activa no xogo para reflexionar sobre os valores sociais da xustiza e da equidade.
- Identificar e recoñecer a importancia dos diferentes roles sociais e a interacción das persoas para unha convivencia sa.
- Descubrir as aportacións que se poden realizar a través de cada rol.

#### ▲ Descrición

O mestre ou a mestra debe colocar o alumnado sentado en forma de círculo. Deseguido, irase pasando unha bolsa/caixa con papeis e cada alumno/a elixirá o seu. Nestes papeis está escrito un oficio ou unha profesión (profesor/a, carpinteiro/a, deseñador/a, avogado/a, científico/a, condutor/a, cociñeiro/a, dentista, actor ou actriz, arquitecto/a, varredor/a, bibliotecario/a, bombeiro/a, doutor/a, electricista, enfermeiro/a, estilista, carteiro/a, carnicero/a, farmacéutico/a, fotógrafo/a etc.

A continuación, cada estudante dirá en voz alta que oficio ou profesión lle corresponde, coa finalidade de que o resto da clase coñeza cal é o seu papel na sociedade.

Posteriormente, o/a docente propondrá un problema que lle afecte á convivencia.



Por exemplo:

- Falta de coidado dos parques públicos da cidade.
- Abandono de animais domésticos, como cans e gatos.
- Falta de carrís bici na cidade.
- Problemas de acceso nas instalacións da biblioteca municipal.

Tras a presentación do problema, o/a docente débelle pedir a aquel alumno ou alumna que considere máis próximo ao problema pola profesión ou oficio que representa que propoña como podería solucionalo. Para iso, o alumno debe explicar ante os seus compañeiros e compañeiras a súa proposta. Seguidamente, iníciase unha rolda na que cada estudante, segundo o rol que lle corresponda, pode achegar a súa percepción, ideas e experiencia para sumar nas solucións. Débese suxerir a cuestión para que o alumnado comprobe que a solución ao problema sempre será mellor se cada una das persoas presentes colabora desde a súa posición.

### O xogo dos enigmas



Trátase dunha dinámica que serve para indagar, para buscar a solución a un problema inicial non resolto, para descubrir o final dunha historia á que lle faltan partes no seu relato, etc. Como se fosen detectives, os rapaces e rapazas investigan baseándose nas pistas que lles dá o seu docente.

Entre todos deben ir formulando hipóteses e lanzándolle preguntas ao docente, quen só pode contestar con "si" ou "non". Non pode dar máis información e deberán ser os e as participantes os que, mediante a colaboración, obteñan a resposta ao enigma.

Por exemplo, un enigma podería ser o seguinte: "Un home entra nun bar. Pide un vaso de auga. O camareiro escóndese detrás da barra e aparece vestido de pantasma. O home dálle as grazas e vaise". Que podería ter pasado nesta historia? A solución é que o home que entrou no bar tiña impo, e o camareiro axudouno dándolle un bo susto. Este tipo de enigmas, tan simples, pero á vez tan complexos, necesitan da imaxinación e da colaboración de todo o mundo para resolverse, e, por tanto, a dinámica resulta interesante para coñecer o proceso de colaboración en si.

## Imos de excursión

Neste caso, a clase organízase en diferentes grupos pequenos, de entre 4 e 5 alumnos. Cada grupo debe decidir a que lugar quere ir de excursión de final de curso. Para iso, cada membro do grupo deberá dicir a onde lle gustaría ir e o grupo, tras un debate, elixirá un destino. Posteriormente, deberán propoñer o medio de transporte para chegar, a data, os horarios de saída e chegada, a necesidade de guías ou acompañantes, as actividades que se van realizar cabo na excursión, o custo desta e como conseguir diñeiro para reducir o prezo.

Unha vez acordadas as decisións, o portavoz de cada grupo exponlle ao resto da clase a decisión do seu grupo. Seguidamente, acordarase unha única proposta mediante a análise e colaboración de todos os grupos. Desta forma, todo o mundo terá achegado algo para conseguir un fin compartido.



## RESUMO

A través desta guía didáctica quixemos introducir **os estudantes de educación primaria no mundo do goberno aberto**. Para facelo, elaboráronse tres historias relacionadas cos tres piares do goberno aberto: transparencia, participación e colaboración, así como unha serie de actividades para traballar os conceptos, expoñelos e comprendelos de maneira práctica.

O **goberno aberto** é unha filosofía, unha nova forma de gobernar as nosas sociedades e entender os gobernos e administracións públicas, baseada na **transparencia**, na **participación** e na **colaboración**, coa finalidade de aproveitar o coñecemento da cidadanía para implicala na mellora das nosas sociedades. É unha viaxe que require involucrar a toda a sociedade, incluíndo os nenos e nenas. Desexamos que a partir de agora ti tamén te sumes á comunidade do **goberno aberto**.

## RÚBRICA DE AVALIACIÓN

CATEGORÍA	SOBRESÁINTE	NOTABLE	APROBADO	INSUFICIENTE
Lectura dos textos	Fago unha lectura correcta do texto, respectando os signos de puntuación e a entoación.	Fago unha lectura correcta do texto, aínda que cometendo algún erro puntual	Fago unha lectura aceptable e, aínda que corrixo os meus erros, sigo cometéndoos á hora da lectura.	Non fago unha lectura correcta ou non quero facela.
Comprensión dos textos	Comprendo perfectamente a historia e o símil para a comprensión de aquilo que significa para o goberno aberto.	Comprendo perfectamente a historia, aínda que teño algunha dúbida sobre o seu significado en relación co goberno aberto.	Comprendo perfectamente a historia, aínda que teño algunha dúbida sobre o seu significado en relación co goberno aberto.	Non comprendo a historia nin entendo a súa relación co goberno aberto.
Participación nas actividades.	Participo de forma activa en todas as actividades e teño iniciativa para facelo.	Participo de forma activa nas actividades pero por indicación do/da profesor/a.	Participo ocasionalmente nas actividades cando o/a profesor/a o solicita.	Non participo nas actividades tal e como o/a profesor/a o pide.
Calidade da participación	As miñas contribucións ás actividades son positivas e responden de forma moi elevada ás propostas das actividades.	As miñas contribucións son positivas e responden ás propostas das actividades.	A miña participación é limitada e, aínda que é suficiente, non responde ás expectativas propostas na actividade.	As miñas contribucións non son relevantes para a actividade nin para os meus compañeiros e compañeiras.
Comprensión dos conceptos	Comprendo os conceptos relacionados co goberno aberto e sei relacionalos co meu día a día.	Comprendo a maioría dos conceptos relacionados co goberno aberto e intúo como relacionalos co meu día a día.	Entendo algúns dos conceptos presentados, aínda que non sei como relacionalos co meu día a día.	Non entendo os conceptos presentados e non sei como encaixalos no meu día a día.

# COÑECE OS VALORES DO GOBERNO ABERTO CON ANTÍA E A SÚA CLASE



Guía didáctica para  
educación primaria

- Caderno do alumnado -

## A EXCURSIÓN DE ANTÍA

Antía ten 10 anos e é alumna do Colexio de Educación Infantil e Primaria Velázquez nunha cidade de tamaño mediano situado na costa española. É unha alumna moi traballadora e lévase ben co resto da clase.



Un día, pouco despois de volver das vacacións do Nadal e tras unha época de chuvía e moito frío, Antía empezou a encontrarse mal.

- *Non me sinto ben, profe* –comentoulle a Adolfo, o seu profesor.

- *Imos chamar o teu pai para que te leve ao médico e che faga unha revisión. Parece que tes un bo arrefriado* – contestoulle.

Adolfo chamou o seu pai por teléfono e comentoulle que a súa filla parecía que tiña febre. Aos poucos minutos, Daniel, o pai de Antía, xa se encontraba no colexio para a recoller.

- *Xa pedín cita no médico, así que aló imos.*

Ao chegar ao centro de saúde, o médico díxolle a Antía que tiña un catarro moi forte, con febre alta, así que non podería ir ao colexio durante toda a semana.

- *Vou perder todas as actividades da semana cultural* – laiouse Antía.

- *Non te preocupes, filla, xa che dirán o que fixeron.*

Mentres Antía estaba enferma na casa, no colexio encargábanse de preparar as actividades da semana cultural: xornadas de convivencia con avós e avoas, concertos de música, exposicións fotográficas e moitas máis actividades.

O profesor dixo na clase que o luns seguinte ían ir de excursión á capital da comunidade autónoma para visitar Xunta de Galicia e o Parlamento autonómico e logo á Coruña para ver a Delegación do Goberno de España, e que deberían traer unha autorización asina-

da pola nai ou polo pai. Todos se sorprenderon e se alegraron pola excursión imprevista.

Chegou o luns, día da excursión, e o pai de Antía, como todos os días, levouna ao colexio. Antía ía coa mochila, cos libros e coa parva de pan con xamón para retomar as clases. Ao chegar ao colexio, Antía e o seu pai viron moito movemento, pero non sospeitaron nada, así que despedíronse.

- *Bos días, Antía. Alégrome moito de verte de novo e de que xa esteas ben.*

- *Bos días, profe. Por que hai tanto movemento no colexio hoxe?* – preguntou mentres vía os compañeiros e compañeiras subir a un autobús-

- *Imos de excursión. Trouxeches a autorización dos teus pais?*

- *Que excursión? Eu non sabía nada!* – comentou Antía sorprendida-

- *Síntoo, Antía. Pensaba que o sabías. Imos de excursión e non podes vir se non tes a autorización autorización do teu pai ou da túa nai.*

Iván, un compañeiro de Antía, oíu a conversa e, ao subir ao autobús, contóullelo aos demais. Aos poucos minutos, baixaron todos do autobús para falar con Adolfo.

- *Non queremos ir á excursión se non vén tamén Antía* – díxolle Iván a Adolfo-. *Queremos que Antía veña connosco. Por que non chamas o seu pai para que lle asine a autorización agora?*

- *Alégrome de que me digas iso, Iván. Tedes razón. O colexio debería ter a información sobre a excursión publicada na páxina web con suficiente antelación. Está moi ben solidarizarse con Antía. Vou chamar o seu pai por teléfono.*

Aos poucos minutos, o pai de Antía volvíu ao colexio para asinar a autorización e o autobús poñíase en marcha cara á capital.



Unha vez estaban todos no autobús, o profesor pediu o micrófono e faloulles a todos os seus alumnos e alumnas.

- O que fixestes hoxe é moi importante. Axudástele á vosa compañeira Antía nunha situación complicada, xa que teriamos marchado de excursión sen ela. Debedes estar orgullosos disto porque, grazas á vosa acción, a partir de agora o colexio vai publicar sempre toda a información na páxina web e, ademais, enviaralles un correo electrónico ás familias.

Cando chegaron ao seu destino, Antía e os seus compañeiros e compañeiras coñeceron como era a sede da Xunta de Galicia, como funcionaba o Parlamento Autonómico e que funcións tiña a Delegación do Goberno, algo que ata ese momento descoñecían.

Antía e a súa clase foran responsables das novas medidas de transparencia que se ían poñer en marcha no seu colexio. Eran artífices de que o colexio Velázquez empezase a andar polo camiño do goberno aberto, coa transparencia como primeira medida.

## Que aprendemos?

Na historia da excursión de Antía aprendemos que:

- A Administración pública, neste caso representada no colexio Velázquez, ten a obriga de **proporcionarnos información** sobre a súa actividade. No caso de que a información non sexa pública, podemos ser nós quen preguntemos.
- A **transparencia é un valor fundamental** para o bo funcionamento de calquera colexio, así como de calquera institución pública e dos sistemas democráticos.
- O novo **sistema de información** para nais e pais a través de Internet é un aliado da transparencia. Canto máis se innove, máis transparentes serán as institucións.

## Letras para a transparencia

Presentámosche esta sopa de letras sobre a transparencia. Nela terás que buscar as seguintes palabras que están asociadas aos valores de transparencia.


**RESPECTO - PARTICIPACIÓN - SINCERIDADE - CONFIANZA  
INNOVACIÓN - FRANQUEZA - VERDADE - TRANSPARENCIA**

F	Y	T	R	A	N	S	P	A	R	E	N	C	I	A
R	I	T	E	O	T	E	P	S	E	R	L	E	U	F
A	R	P	A	R	T	I	C	I	P	A	C	I	O	N
E	G	A	T	P	H	U	A	N	Q	U	I	P	O	D
I	P	O	L	I	U	T	P	C	R	O	J	O	A	E
A	N	D	A	R	M	K	V	E	C	T	O	D	Z	L
E	T	N	E	C	I	V	I	R	E	C	R	T	E	A
B	L	A	O	N	L	P	U	I	R	E	C	O	U	R
E	M	G	H	V	D	E	L	D	V	T	E	S	Q	I
C	O	N	F	I	A	N	Z	A	C	R	R	O	N	D
R	B	C	E	P	D	C	C	D	H	E	R	B	A	O
E	R	A	M	O	S	B	I	V	A	P	I	L	R	E
A	O	E	I	U	Z	S	D	O	G	Ñ	L	I	F	U
B	L	U	F	H	I	A	I	C	N	E	L	A	V	I



## ANTÍA E OS SEUS AMIGOS E AMIGAS MELLORAN OS PARQUES

Antía diríxese ao colexio, pensativa. Mentres vai no autobús non deixa de fixarse nos parques e xardíns da cidade onde vive. Estase decatando de que todos os parques son amplos e con moita vexetación e zonas nas que descansar, pero só hai un que teña unha boa zona de xogos para os nenos e nenas.



Ao chegar ao colexio, mentres esperan a entrar na clase, Iván e María están a falar e xorde o tema na conversa entre os seus amigos e amigas:

- *Onte estiven no parque do Oeste co meu can Chopin. As zonas de xogo estaban pechadas por reparacións.* - Dixo Iván mentres poñía cara de resignación.

- *O parque do meu barrio tampouco ten unha boa zona de xogos. A maioría dos bambáns están estragados e non me deixan xogar alí.* - Exclamou María, mentres sacaba da mochila os libros para a clase que ía comezar.

- *Teño unha idea!* - exclamou Antía-. *Vin no taboleiro de anuncios do colexio que o Concello vai crear un Consello da Infancia.*

- *Un que?* - preguntou Iván con cara de incredulidade.

- *Un Consello da Infancia. Miña nai explicoume que é un grupo de nenos e nenas que nos pode representar e pedirles ás autoridades do Concello que resolvan os nosos problemas.*

- *Mi madriña, Antía! Sábelo todo!* - dixo María rindo ás gargalladas.

- *Non, é que son moi preguntona,* chanceou Antía. *Sería o lugar perfecto para comentar as necesidades que teñen os parques da cidade e os problemas que temos para poder brincar neles. Fai falta melloralos todos e ampliar as zonas de xogo.*

- *Entón, por que non nos presentamos ao Consello da Infancia e o solucionamos?* - dixo Iván totalmente convencido.

Antía pediulle permiso ao profesor para falar na clase sobre esta idea. Comentoulle ao resto da clase as necesidades que tiñan os parques e xardíns municipais e a posibilidade que tiñan de parti-

cipar no Consello da Infancia municipal. Todos estiveron de acordo en mellorar as zonas de xogo.

- *Quen quere presentarse voluntario?* - Preguntou o profesor. *Polo número de estudantes que sodes, poderdes ter dous representantes.*

- *A min gustaríame presentarme, alguén máis quere?* - preguntou Antía.

- *Eu tamén quero* - dixo Iván.


- *E eu!* - exclamou Alberto.

- *Pois eu tamén,* interveu María.

Nese momento, todos se miraron: había dúas candidatas e dous candidatos para dous postos de representante, así que había que facer algo. Entón, o profesor dixo:

- *Por que non facedes unha votación para elixir os vosos dous representantes? É unha responsabilidade importante e o mellor é que a persoa que traslade as vosas demandas sexa elixido, entre todas, de forma democrática.*

Todos aplaudiron a idea e esa mesma mañá organizaron unha votación nunha urna, coa axuda do profesor. Dos catro candidatos, cada estudante podía elixir dous, cuxos nomes debería escribir nun papel e introduci-lo nunha urna, como en calquera elección.



Tras o relato, foron elixidos como representantes Antía e Iván, de maneira que se puxeron mans á obra. Estiveron falando cos compañeiros e compañeiras e anotando nun caderno as necesidades que lles comentaban sobre os parques e xardíns das zonas onde vivían, xa que no colexio había nenos e nenas de toda a cidade.

Chegaron á conclusión de que debían realizarse melloras en 10 dos 15 parques municipais. Nalgúns había que cambiar o mobiliario, noutros había que ampliar zonas de xogo e, nalgún outro, debíanse abrir novas zonas infantís.




Na seguinte reunión do Consello da Infancia da cidade, Antía e Iván tomaron a palabra e explicáronlle ao concelleiro responsable de parques e á alcaldesa da cidade todas as propostas que recolleran os seus compañeiros e compañeiras.

*- Moitas grazas, Antía e Iván. – dixo a alcaldesa – Debedes estar orgullosos do traballo que fixestes. Sabiamos que hai necesidades de mellora, pero non coñecíamos a situación. Daquela, o Goberno municipal propoñerá no próximo pleno un cordo para a mellora e renovación das zonas de xogo infantil nos parques. Espero que entre todos coidemos os nosos parques e xardíns.*

Antía e Iván sentíronse útiles: conseguiran, tras un intenso traballo e coa participación de todos os compañeiros e compañeiras, que o Concello se comprometese a mellorar todas as zonas de xogo dos parques e xardíns municipais.

Un ano despois, a maioría dos parques xa tiña novas zonas de xogo. Desta forma, a idea de Antía foi tomando forza grazas á participación do conxunto do alumnado e, finalmente, converteuse en realidade. Desde ese momento, Antía, Iván, Alberto, María e o resto dos seus amigos e amigas puideron gozar de excelentes zonas de xogo en todos os parques da cidade.



## Que aprendemos?

Na historia anterior, na que Antía e os seus compañeiros e compañeiras conseguen mellorar as zonas de xogo dos parques da súa cidade, aprendemos varias cousas:

- É bo coidar do noso contorno. Debemos ser conscientes de que, como na historia, os parques e instalacións públicas, así como as zonas verdes, son de todo o mundo e que entre todos e todas debemos contribuír a conservalas e melloralas.
- Debemos **reclamarlles ás autoridades** cando atopemos defectos ou necesidades de mellora nas instalacións públicas. Desde o respecto e o civismo, sempre é bo trasladarlles as nosas necesidades aos gobernos e administracións públicas.
- Existen **mecanismos de participación**. No caso desta historia, Antía e Iván transmiten as peticións a través do Consello da Infancia da cidade. Sempre hai que analizar cal é a mellor maneira de participar na toma de decisións públicas.
- **A participación é de todos e todas**. Como vimos nesta historia, Antía e Iván son elixidos polo resto do alumnado da súa clase e, posteriormente, recollen todas as demandas que lles fixeron chegar para trasladalas a onde corresponde.
- **É recomendable participar sempre**. A nosa voz debe ser escoitada, por iso debemos participar na toma de decisións públicas.

## Frases para a participación

Esta actividade consiste en completar unha serie de frases relacionadas coa participación coas palabras determinadas que se expoñen a continuación. Farase en parellas e despois traballarase co resto da clase.

**ACORDO - NECESIDADES - LEI - PARTICIPA - DEREITOS  
COMPROMISO - SOLIDARIO - DEMOCRACIA - LIBERDADE- VOTAR**

Existe a \_\_\_\_\_ de expresión cando dicimos, escribimos ou facemos público o que queremos.

O colexio enteiro \_\_\_\_\_ na elección de membros do Consello escolar.

É necesario chegar a un \_\_\_\_\_ entre os diferentes grupos sociais para garantir o bo funcionamento da democracia.

Todos os españois e españolas temos dereito a \_\_\_\_\_ cando facemos os 18 anos.

Nós podemos ter \_\_\_\_\_ distintas ás dos nosos pais e nais, pero debemos telas en conta para cubrilas.

Para que unha democracia funcione, os gobernos e as administracións públicas sempre deben respectar a \_\_\_\_\_.

A nosa clase funciona como unha \_\_\_\_\_: falamos libremente e votamos as decisións que se presentan.

Debemos respectar os \_\_\_\_\_ das demais persoas na elección das súas necesidades.

Un pobo \_\_\_\_\_ é aquel que axuda as persoas máis desfavorecidas para que teñan os mesmos dereitos que o resto da poboación.

Para cumprir co que decidimos nunha votación, debe existir un forte \_\_\_\_\_ por parte de todo o mundo.



## ANTÍA E OS SEUS AMIGOS AXUDAN AO TRÁFICO

Os alumnos e alumnas do colexio Velázquez chegan á clase. Algúns fano no transporte escolar, outros en transporte público, outros acompañados dos seus familiares e moitos camiñando.

- Bos días, Antía.

- Bos días, Iván. *Que tal estás?* – preguntou Antía mentres chegaba correndo despois a rúa do colexio.

- *Moi ben. E ti, onde vas con tanta presa?*

- *Tiven que cruzar a rúa correndo porque non hai ningún paso de peóns nin ninguén que controle a cantidade de coches que veñen a deixarnos polas mañás e a recollernos pola tarde aos que vivimos máis lonxe. É un perigo para todos cruzar a rúa así. Voulle preguntar á directora do colexio o que podemos facer para solucionalo.*

- *Moi ben, entón acompañote.* – dixo Iván mentres seguía a Antía polo corredor.



Dirixíronse os dous ao despacho da directora e comentáronlle a situación do tráfico na zona do colexio. Había pouco espazo para aparcar, non había zona habilitada para autobuses, tampouco unha zona de aparcamento para persoas con discapacidade... En definitiva, era un caos chegar todas as mañás ao colexio.

- *Non sabemos como solucionar isto, directora*– manifestou Antía con cara de resignación.

- *Imos ver. Se nós sos non podemos facelo, pediremos a colaboración doutras persoas afectadas e que poidan achegar solucións* – dixo a directora con cara pensativa. – *Xa está! Vouno propoñer na próxima reunión do Consello Escolar para que se impliquen os pais e nais do colexio, os representantes da empresa do autobús escolar, o concelleiro de tráfico, a policía local... E pensades que alguén máis pode achegar algo?*

- *Nós!* –exclamou Antía.

- *Iso é. Vós tamén podedes achegar ideas.* –confirmou a directora.

- *Un momento.* – dixo Iván- *isto é algo moi parecido ao traballo que fai a miña nai na empresa na que traballa. Ela encárgase de organizar un grupo de persoas implicadas nun problema para encontrar unha solución entre todos. Moitas veces escóitoo falar dun laboratorio de ideas ou algo parecido.*

- *Que ben, Iván!* – exclamou a directora- . *Vou falar coa túa nai para pedirlle que coordine este traballo. Imos crear o Laboratorio Velázquez para a mellora do tráfico, un punto de encontro no que todos acheguemos solucións ao problema.*

- *Que ben soa!* – exclamou Antía emocionada.

- *Pois mans á obra* – concluíu a directora mentres tocaba o timbre para entrar na clase.



Era un proxecto moi importante para o colexio: entre todos debían achegar solucións para a mellora do tráfico e a seguridade nas rúas arredor do colexio. Durante varios días, a directora, coa axuda da nai de Iván, foi convocando a todas as persoas e organizacións que ían estar implicadas no Laboratorio de Ideas do Colexio Velázquez para citalas á primeira reunión, na que se definirían os problemas detectados e se propoñerían solucións posibles.

Ao longo de varias reunións e coa colaboración activa de todas as organizacións e persoas convocadas, estableceuse unha serie de solucións, nas que todos se implicaron:

- O Concello poñería varios pasos de peóns elevados a longo da rúa, o cal diminuíría a velocidade dos coches e facilitaríaa que os peóns cruzasen a rúa.
- A policía local enviaría unha patrulla da unidade de tráfico, durante media hora, tanto á entrada como á saída das clases.
- A empresa de autobuses do transporte escolar, xunto co Concello, habilitaría unha zona de aparcamento de autobuses ao lado do colexio e unha zona de aparcamento para persoas con discapacidade.
- O colexio realizaría unha serie de cursos sobre educación viaria para o conxunto do alumnado, para facilitar o coñecemento da seguridade viaria.
- A asociación de nais e pais do alumnado faría unha campaña para fomentar o uso da bicicleta en lugar do coche, e o colexio comprometeríase a habilitar unha zona para aparcar bicicletas.



As melloras chegaron pronto, xa que os coches circulaban a unha velocidade moito máis reducida, había zonas para poder estacionar e todos coñecían por onde se podía cruzar a rúa. Ademais, foron moitos os pais e nais que elixiron a bicicleta como transporte alternativo ao coche.

Tras estes bos resultados, o colexio decidiu que o Laboratorio se empezase a ocupar doutros moitos problemas relacionados co colexio, coa colaboración de toda a xente implicada.

Neste caso, a colaboración resulta fundamental para unir esforzos e presentar propostas e accións enfocadas a resolver os problemas. A través da súa acción, Antía e Iván conseguiron construír un colexio colaborativo, no que todos poden achegar moito.

### Que aprendemos?

Nesta historia tratouse a **colaboración**, un dos tres piares do goberno aberto, xunto coa transparencia e a participación. Que conclusións podemos extraer dela?

- Existen certas cuestións na vida que non poden ser resoltas por nós mesmos, senón que **necesitamos a colaboración doutras persoas** para poder facelo. Que colaboren contigo ou que ti colabores abrirá un espazo de entendemento e facilitará que cumpras os teus obxectivos.
- **Non existe unha única solución para os problemas.** Hai moitas maneiras de velos, de expresalos e de resolvelos ou minimizalos.
- **Traballar de forma conxunta**, a través de mecanismos como o Laboratorio de Ideas que se creou no colexio, facilita **a participación e o acordo**, ademais dunha visión máis ampla sobre os problemas.
- A **colaboración pódese aplicar en todos os ámbitos da** vida: no colexio, nos gobernos e administracións públicas, nos grupos de amigos, na familia etc. Trátase de compartir para mellorar.

É positivo crear novos espazos de encontro, diálogo e traballo onde participen todas as organizacións e persoas afectadas.

## RESUMO

A través desta guía didáctica quixemos introducir **aos estudantes de Educación Primaria ao mundo do goberno aberto**. Para facelo coñecemos as tres historias de Antía, que están relacionadas directamente cos tres pilares do goberno aberto: transparencia, participación e colaboración, así como unha serie de actividades para traballar os conceptos, expoñelos e comprendelos de maneira práctica.

O **goberno aberto** é unha nova forma de gobernar as nosas sociedades e entender os gobernos e administracións públicas, baseada na **transparencia**, a **participación** e a **colaboración**, coa finalidade de aproveitar o coñecemento da cidadanía para implicalas na mellora das nosas sociedades. É unha viaxe que require involucrar a toda a sociedade, incluíndo aos nenos e nenas. Desexamos que a partir de agora ti tamén te sumes á comunidade do **goberno aberto**.

## TÍTULO: GUÍA DIDÁCTICA. GOBIERNO ABIERTO. EDUCACIÓN PRIMARIA

Este documento no es una traducción oficial. Aunque se ha procurado garantizar que esta versión corresponda a los textos originales, la única versión oficial es el texto en castellano disponible en el sitio web del INTEF y en el Portal de la Transparencia de la Administración General del Estado.

*Publicación incluida en el programa editorial del Ministerio de Política Territorial y Función Pública.*

### **Edita:**

© Ministerio de Política Territorial y Función Pública


Ministerio de Educación y Formación Profesional

NIPO: 277-19-010-0 En línea

NIPO: 277-19-006-1 En papel

NIPO: 847-19-030-3 En línea

NIPO: 847-19-027-X En papel



### **Imprime:**

Subdirección General de Recursos, Publicaciones y Documentación

Ministerio de Política Territorial y Función Pública



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL



INSTITUTO NACIONAL DE TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO



MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA